

Curso Teleformación: IDEAS COOPERATIVAS EN ACCIÓN

[En colaboración con: ECOBAS – Universidade de Vigo - Rede Eusumo]

DATAS REALIZACIÓN	Do 8 ao 24 de xullo de 2020	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	Sesiões virtuais de aprendizaxe os xoves 9, 16, 23 de xullo de 11:00 a 12:30.		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop Campus Virtual da Universidade de Vigo		
PERSOA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456
		e-mail	Patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE >> [PREMA AQUÍ](#)

OBXECTIVOS

- > Mostrar desde o punto de vista práctico as condicións e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- > Coñecer que debemos analizar e ter en conta para facer da nosa idea un proxecto cooperativo viable.
- > Elaborar conxuntamente o prototipo do noso proxecto.
- > Avaliar requisitos e compromisos como grupo promotor, tarefas a desenvolver, calendario de actuacións..

PROGRAMA

- Módulo 1.- Identifica o teu proxecto cooperativo.
- Módulo 2.- Analiza as áreas comercial e de mercado.
- Módulo 3.- Estuda a viabilidade económica e financeira.
- Módulo 4.- Planifica a área organizativa e os trámites de constitución.

CONTIDOS

Sesión inicial. - Presentación do curso, comprobar o funcionamento da plataforma e materiais e facilitar a toma de contacto entre as asistentes. Recepción das participantes, presentación do curso por parte da docente e unha dinámica de presentación de todas as participantes. Actividades prácticas e unha autoavaliación inicial en cooperativismo. Orientación sobre o avance nos materiais e proposta de traballo de cara a segunda sesión virtual.

Sesión intermedia. - Resolución de dúbidas e contraste dos resultados das actividades propostas pola docente. Realización de actividades e dinámicas traballando sobre os aspectos mais salientables dos contidos. Traballarase en pequenos grupos e guiarase un debate conxunto no plenario. Presentación da ferramenta Consolida_ES.

Sesión final. - Complementarase coa resolución de dúbidas e consultas e unha dinámica de peche e avaliación da actividade.

METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións .A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

DIRIXIDO A

Persoas emprendedoras interesadas no autoemprego cooperativo; persoas cunha idea de negocio que queren avaliar a opción cooperativa e axentes intermedios que asesoran proxectos cooperativos. Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 15.